

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

UNIVERSIDADE DE VIGO

RESOLUCIÓN do 10 de abril de 2013 pola que se publica a normativa de permanencia e progreso do alumnado das titulacións oficiais de grao e máster universitarios desta universidade.

Aprobada a normativa de permanencia e progreso do alumnado das titulacións oficiais de grao e máster universitarios da Universidade de Vigo polo Consello de Goberno da Universidade do 20 de xullo de 2012 e polo Consello Social do 2 de abril de 2013, esta reitoría resolve publicar a dita normativa, que figura no anexo desta resolución.

ANEXO

Normativa de permanencia e progreso do alumnado das titulacións oficiais de grao e de máster universitarios da Universidade de Vigo

(Aprobada polo Consello Social o 2 de abril de 2013).

O artigo 2.2.f) da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, dispón que a autonomía das universidades comprende a admisión, o réxime de permanencia e a verificación dos coñecementos do alumnado.

O artigo 46.3 da citada lei sinala que as universidades establecerán os procedementos de verificación dos coñecementos do alumnado e será o Consello Social o que aprobe as devanditas normas de acordo coas características dos respectivos estudos.

Por outra parte, o artigo 39.s) dos estatutos da Universidade de Vigo establece que lle corresponde ao Consello de Goberno da Universidade propoñerlle ao Consello Social as normas que regulen a permanencia na Universidade do alumnado que non supere as probas correspondentes nos períodos establecidos. E o seu artigo 99 establece: «O Consello Social, logo de audiencia dos representantes do alumnado no Claustro, por proposta do Consello de Goberno e tras o informe do Consello de Universidades, establecerá as normas que regulen a permanencia do alumnado na Universidade, tendo en conta as características dos respectivos estudos».

De conformidade co anterior, o Consello Social, visto o acordo do Consello de Goberno, aproba a seguinte normativa de permanencia e progreso do alumnado de titulacións oficiais de grao e de máster universitarios da Universidade de Vigo.



Preámbulo

A Universidade de Vigo é unha institución pública á cal lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior e, como tal, ten a obriga de aproveitar os seus recursos do xeito máis eficiente, o compromiso de acadar os maiores niveis formativos para o seu alumnado, e os niveis de eficiencia establecidos para os seus estudos oficiais. O acto de matriculación, polo cal se adquire a condición de estudante e a vinculación coa Universidade, é un compromiso tanto da Universidade con cada estudante, como de cada estudante coa Universidade. O alumnado forma unha parte primordial da institución universitaria e, polo tanto, debe contribuír ao cumprimento das obrigas e á consecución deses obxectivos institucionais. Cómpre salientar que o Estatuto do estudante universitario, no seu preámbulo, fai referencia ao «binomio protección de dereitos-exercicio da responsabilidade por parte dos/as estudantes universitarios».

Por outra parte, a Universidade de Vigo debe promover o acceso en igualdade de condicións ás súas ensinanzas, a atención á diversidade, a conciliación dos estudos coa vida familiar e laboral, facilitar a aprendizaxe ao longo da vida e, en definitiva, o acceso aos estudos a unha franxa social ampla. Todo iso procurando que se dean as condicións para o progreso académico do seu alumnado dun xeito ordenado e co maior rendemento posible.

Tras os últimos cambios debidos á adaptación dos estudos ao Espazo Europeo de Educación Superior, faise necesario un novo ordenamento da estadía do alumnado na Universidade de Vigo que recolla, ademais dos aspectos anteriormente citados, as peculiaridades das titulacións reguladas polos reais decretos 1393/2007 e 861/2010, polo Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial, así como as condicións recollidas no Estatuto do estudante universitario, aprobado polo Real decreto 1791/2010. Cómpre sinalar o papel central que o traballo activo do alumnado ten na definición e organización da actividade de docencia-aprendizaxe, a preponderancia da avaliación continua do rendemento académico e o carácter transversal dalgunhas das competencias que se van adquirir nos estudos.

Neste contexto, no aludido exercicio de responsabilidade social a que estamos todos e todas obrigados, é necesaria unha normativa que estableza un marco temporal máximo de dedicación para realizar uns estudos determinados e que exixa un rendemento mínimo por curso académico. Como norma xeral establécese para cada estudante un máximo do dobre da dedicación determinada no plan de estudos correspondente á titulación que estea a cursar e a exixencia de acadar un mínimo rendemento medio ao longo da súa per-



manencia nos estudos. Tense en conta, nun sentido global, a tarefa que vai desenvolver cada estudante, nun marco de actuación en que poida asumir a responsabilidade que lle corresponde nun desenvolvemento activo do seu proceso de aprendizaxe.

Artigo 1. *Obxecto*

As presentes normas teñen por obxecto regular a permanencia e o progreso nos estudos do alumnado de grao e de máster universitarios da Universidade de Vigo.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

2.1. Estas normas aplicaráselle ao alumnado matriculado en estudos conducentes á obtención de titulacións oficiais de graduado e de máster universitarios na Universidade de Vigo.

2.2. Estas normas non se lle aplicarán ao alumnado:

- a) Matriculado en titulacións conxuntas con outras universidades, que se rexerá, no que atinxe ao obxecto desta normativa, polo que se estableza no convenio ou na memoria da titulación correspondente.
- b) Matriculado en materias de titulacións oficiais ao abeiro de programas de formación continua ou noutros que non estean destinados á obtención dunha titulación oficial.
- c) Procedente doutras universidades acollido na Universidade de Vigo en virtude de acordos de intercambio, mobilidade, dobre titulación ou en situación de libre mobilidade, que se rexerá, no que atinxe ao obxecto desta normativa, polo que se estableza no acordo, convenio ou normativa que o afecte.

Artigo 3. *Réximes de permanencia*

3.1. Establécense dous réximes de permanencia: a tempo completo e a tempo parcial. A Universidade de Vigo poderá establecer cotas por titulación para cada unha das modalidades.

3.2. O réxime de estudante a tempo completo é o ordinario do alumnado da Universidade de Vigo e supón unha matrícula entre 48 e 60 créditos por curso académico, agás no caso de estudantes aos cales lles falten menos de 48 créditos para rematar os estudos.



3.3. O réxime de estudante a tempo parcial supón unha matrícula por curso dun mínimo de 24 e menos 48 créditos, agás no caso de estudantes aos que lles falten menos de 24 créditos para rematar os estudos.

3.4. A consideración de estudante a tempo parcial deberá ser expresamente solicitada no momento de efectuar a primeira matrícula na Universidade de Vigo e deberá renovarse no momento de cada nova matriculación. A solicitude dirixiráselle ao órgano de dirección do centro de adscrición da titulación, e será considerada polos órganos responsables da organización e desenvolvemento dos estudos, atendendo a circunstancias debidamente xustificadas de carácter laboral, familiar, por atención a persoas dependentes, por actividades deportivas de alto nivel ou por necesidades educativas especiais.

3.5. Unha vez que se inicien os estudos, de se produciren variacións nas circunstancias persoais, poderá solicitarse o cambio de modalidade de réxime no momento dunha nova matriculación. A solicitude tramitarase do xeito descrito no punto anterior.

3.6. De xeito excepcional, co visto e prace das persoas responsables da titulación ou titulacións implicadas, permitiráselle a matrícula aumentada ata 75 créditos ao alumnado en réxime de tempo completo, e ata 54 créditos ao alumnado a tempo parcial:

- Con materias cursadas e non superadas.
- Con simultaneidade de estudos. Neste caso considerarase a totalidade dos créditos matriculados en todas as titulacións que se estean a cursar.

3.7. O alumnado con capacidade diminuída poderá solicitar un réxime de permanencia reducido que supón unha matrícula por curso entre 6 e 24 créditos. Para iso, deberá presentarse un certificado expedido polo órgano competente e contar co informe favorable do Gabinete Psicopedagóxico da Universidade de Vigo que vincule a súa situación co posible rendemento académico.

3.8. Poderase autorizar, polas persoas responsables dunha titulación, a matriculación en máis créditos dos establecidos para o seu réxime de permanencia ao ou á estudante que acredite, mediante un informe do Gabinete Psicopedagóxico da Universidade de Vigo, as súas altas capacidades.

3.9. A anulación de matrícula terá, para os efectos de permanencia, a mesma consideración que se o/a alumno/a non se matriculase. Esta anulación non suporá, salvo casos excepcionais debidamente xustificadas, a rebaixa da matrícula mínima por curso estable-



cida para cada réxime de permanencia. Deberá solicitarse de conformidade coas normas e prazos establecidos.

Artigo 4. *Permanencia e progreso*

4.1. Cada estudante dunha titulación de grao deberá:

- a) No caso da súa primeira matrícula no primeiro curso, obter un mínimo de 12 dos créditos matriculados no curso se está en réxime de tempo completo e 6 créditos se está en réxime de tempo parcial, agás que lle restasen menos créditos para acadar o primeiro curso completo.
- b) No caso da súa matriculación para continuación de estudos, obter cada tres anos de permanencia polo menos 60 créditos cando teña o réxime de tempo completo, e 30 créditos cando teña o réxime de tempo parcial. No cómputo destes créditos non se terán en conta os obtidos por recoñecemento.

4.2. Cada estudante dunha titulación de máster deberá:

- a) Obter no primeiro curso académico un mínimo de 18 créditos se está en réxime de tempo completo e 12 créditos se está en réxime de tempo parcial.
- b) No caso de estudantes matriculados/as para continuación de estudos, obter cada dous anos de permanencia polo menos 60 créditos cando teñan o réxime de tempo completo, e 30 créditos cando teñan o réxime de tempo parcial. No cómputo destes créditos non se terán en conta os obtidos por recoñecemento.

4.3. O incumprimento dos requisitos establecidos nos números 4.1 e 4.2 impedirá continuar estudos na mesma titulación na Universidade de Vigo.

4.4. Cada estudante de grao ou de máster da Universidade de Vigo poderá matricularse ao longo da súa permanencia nuns estudos do dobre dos créditos necesarios para obter a titulación. No cómputo destes créditos restarase o dobre dos obtidos por recoñecemento. O esgotamento deste número de créditos impedirá continuar os estudos desta titulación na Universidade de Vigo.

4.5. Os créditos obtidos por transferencia non computarán para os efectos de permanencia.



4.6. Co obxectivo de ordenar de xeito factible a carga de traballo que vai desenvolver cada estudante e procurar a súa eficiencia, as normas de matriculación establecerán mecanismos que regulen a distribución compensada por cuatrimestres dos créditos matriculados e, procuren unha secuencia progresiva na matriculación das materias, co fin de que estas se cursen e superen segundo a secuencia temporal establecida no plan de estudos correspondente.

4.7. Cando a aplicación desta normativa impida a continuación dos estudos, con carácter extraordinario, o reitor ou reitora poderá autorizar a continuidade nos estudos, por pedimento da persoa afectada, sempre que se dean causas de forza maior suficientemente acreditadas, que afectasen ao seu rendemento académico.

Artigo 5. *Sobre a avaliación e cualificación do alumnado*

5.1. Segundo o artigo 130 dos estatutos da Universidade de Vigo, en cada curso académico as/os estudantes que se matriculen nun título oficial de grao ou de máster universitarios da Universidade de Vigo disporán de dúas oportunidades de cualificación por matrícula para cada materia, nos prazos recollidos no calendario académico oficial, nas condicións establecidas polas correspondentes guías docentes e coas excepcións que se poidan establecer nas normativas correspondentes.

5.2. A Universidade de Vigo nun regulamento específico establecerá as condicións para avaliar e cualificar o alumnado, de acordo co establecido nos estatutos e no regulamento de estudantes.

5.3. O regulamento a que se refire o punto anterior establecerá as condicións, procedementos e responsabilidades para a avaliación por compensación do alumnado, entendida como unha avaliación realizada ao final dos estudos que teña en consideración dun xeito global o expediente do ou da estudante. Poderá solicitarse a avaliación por compensación nas condicións que se establezan:

- Cando por aplicación da presente normativa non se poidan continuar os estudos da titulación.
- Cando, tendo materias avaliadas e non superadas, a taxa de éxito das citadas materias nos tres últimos cursos sexa menor do 35 %. A taxa de éxito defínese como a relación porcentual entre o número total de créditos superados polo alumnado e o número total de créditos presentados.



- Cando os créditos que lle resten para poder obter a titulación, agás os correspondentes ao traballo de fin de grao ou o traballo de fin de máster sexan menos que os de calquera das materias que poida cursar para acadalos.

Artigo 6. *Traslados desde outras universidades*

Ao alumnado procedente doutras universidades aplicaráselle a presente normativa e, en todo caso, computaráselle a súa permanencia nas universidades de orixe, segundo o disposto nesta normativa. Quen exceda os límites de permanencia establecidos na Universidade de Vigo non poderá iniciar nin proseguir os seus estudos nela.

Artigo 7. *Entrada en vigor*

A presente normativa entrará en vigor a partir do curso académico seguinte á aprobación polo Consello Social.

Disposición adicional

As normas de matriculación e de xestión académica deberán harmonizarse coa presente normativa.

Vigo, 10 de abril de 2013

Salustiano Mato de la Iglesia
Reitor da Universidade de Vigo

